

7/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 23 XUÑO DE 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as nove horas do día 23 de xuño do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 16.06.2020, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 489/2020, de 15.06.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL DENOMINADO “BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS”

Sr. Alcalde (que traducido di): En primeiro lugar, o primeiro punto é a modificación da ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral denominado “Bolsa de emprego do Concello de Mugar dos”. Ben ditaminado pola Comisión de Facenda, por unanimidade. Ten a palabra o...

Sr. Mahía Prados: Grazas Alcalde. Señores concelleiros, bo día. Bueno, a modificación da ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral, a bolsa de emprego, e... bueno, fixéronse unha serie de modificacións de acordo co informe que fixo a técnica de desenrolo local, e fixéronse unha serie de modificacións para facela máis áxil. Bueno, todos sabemos a situación na que nos atopamos agora, postpandemia, e cremos que bueno, unha forma de darlle tamén un impulso ao tecido laboral no Concello de Mugar dos é pois axilizando esta bolsa de emprego e mellorándoa. E agradecer aos grupos a súa dispoñibilidade tanto nas comisións, nas que se tratou este tema, como a súa vontade de chegar a un acordo para que saia coa unanimidade que saíu da comisión.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois se abre un turno, ¿palabras?. Bueno, pois se non hai palabras. Ven ditaminado da propia comisión, que xa ven falado o asunto e pasamos a votar entón. Votos a favor.

Sometido a votación o asunto, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada o día 03.06.2020, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral denominado “Bolsa de Emprego do Concello de Mugardos”, quedando redactada, unha vez feitas as modificacións correspondentes, segundo o texto que figura no ditame da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá realizada o día 03.06.2020.

2.- Expoñelo ao público a efectos de reclamación, durante o prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto que durante o indicado prazo non se teñan presentado reclamacións.

2.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pasamos ao segundo punto. Moción do voceiro do Grupo Municipal do BNG para a elaboración dun plan galego de reactivación económica. Ten a palabra o voceiro.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Bo día a todos e a todas. Bueno, como a exposición de motivos é un pouco longa vou a tratar de facer un pequeno resumo. Entón bueno, esta moción ven como resultado das consecuencias que a pandemia do COVID-19 vai ter na situación económica de Galicia, que cremos que van a ser unhas consecuencias cun impacto importante na economía de Galicia, que xa de por si é moi dependente e está moi debilitada. E entón para isto vai a ser necesario levar a cabo políticas atrevidas e decididas para poder paliar o impacto desta crise nos sectores máis desfavorecidos. E para levar a cabo isto é moi importante que as administracións locais poidan despreparar toda a súa capacidade de actuación, e para iso é necesario a derogación da Lei Orgánica 2/2012 e das tres regras fiscais que recolle, a de estabilidade orzamentaria, a de regra de gasto e a de débeda. E porque ademais tamén son máis preocupantes cada vez as informacións que están a aparecer nos distintos medios de comunicación, no sentido da intención do Ministerio de Facenda de utilizar e incautar os remanentes municipais, o que vai a deixar aos concellos sen ningunha capacidade de acción. E por iso dicimos que é necesaria a elaboración dun plan galego de reactivación económica, que estea consensuado coas distintas forzas políticas, cos sectores económicos e cos axentes sociais, e que estea dirixido polo goberno galego e que sexa refrendado polo Parlamento Galego, e no que xogue un papel fundamental a Federación Galega de Municipios e Provincias para que os concellos galegos non vexan diminuída a súa capacidade de intervención, investimento ou gasto. E é por todo isto que se propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: Primeiro, instar á Xunta de Galiza a iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensuado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos

públicos. Segundo, instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes. Terceiro, instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto. E cuarto e último, manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un turno de palabras. ¿Palabras?. Miguel. Ah... José Ángel, ¿ti tamén?. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, bueno, bos días. Nós nun principio pois neste tipo de mocións non estamos moi a favor de votalas, pero neste caso, bueno, pois como todo máis ou menos o que se formula son tamén reivindicacións do Partido Socialista na súa maioría, a pesar dese punto catro, que non entendemos moi ben a que se refire con... cunha intención, posiblemente, ou non, non está moi claro, parece máis ben un cotilleo que unha solicitude nin nada... en canto ao de retirar o remanente aos municipios, eu non teño constancia de que iso vaia a acontecer nin que se falase dese tema. Pero bueno, aínda así, como estamos no fondo... e estamos a favor de...do plan de reactivación económica pois imos a votar a favor desta... desta moción.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si bos días. Bueno, referente a... interveño por puntos, referente aos dous primeiro puntos, a elaboración do plan de reactivación económica e tal, o día 5 de xuño, é dicir, seis días antes de que presentara vostede esta moción a Xunta aprobou o plan de reactivación económica de 3.000 millóns de euros; son 3.043 millóns de euros, dos cales 1.741 corresponden a fondos públicos, aos que hai que sumar 1.302 millóns de mobilización de fondos privados. As liñas de reactivación para dicir así, desgrandas polo miúdo, sanidade van 250 millóns de euros para adquirir equipamento e tecnoloxía sanitaria, da área social 105 millóns de euros de inclusión, coidados e conciliación, de maiores e discapacidade, obras e equipamentos de servizos sociais, en emprego casi 200 millóns de euros de recursos públicos, xa que... bueno, ademais de apoiar ao teletraballo e ao tema do ERTE tamén se permitiu un adianto de ata 750 euros a todos aqueles galegos que aínda non o percibiron. De dinamización económica, coa mellora de liñas de avais e microcréditos que xa están en marcha. En vivenda e medioambiente, unha inversión de 104 millóns de euros en bonos aluguer a axudas de rehabilitación. En turismo 58 millóns de euros para lograr que Galicia pois siga considerándose un destino seguro, como o que é. En medio rural 161 millóns de euros para impulsar a promoción e a internacionalización de produtos galegos. E no mar, anunciouse fai pouco, cando veu aquí a Conselleira do Mar, ao día seguinte en Ribeira, o proxecto Avantemar de 76 millóns de euros de axudas a buques activos e inactivos por impacto do COVID-19, e con axudas de ata 40.000 euros... e tamén compesacións ás mariscadoras, ás redeiras e ás confrarías. Entón, os dous primeiros puntos é algo que xa está en vigor, a Xunta xa ten aprobado e xa está en marcha ese plan de reactivación económica, de feito pasou polo propio Parlamento, o propio Parlamento antes de disolverse a Cámara tivo constancia desta... deste paquete de medidas, e de feito, vostedes saberán, non puxeron grandes impedimentos

nin instaron a facer este tipo de mocións... igual é de diferentes periodos, pero referente a estes dous puntos, isto, o que acabo de dicir, é o que está en vigor e está en funcionamento, este plan existe; e hai que ter en conta que o orzamento da Xunta é de 8.000 millóns de euros, dos cales esta axuda son 3.043 millóns. Estamos falando dun importe moi importante de mobilización de fondos por parte da Xunta de Galicia. No apartado terceiro, sobre instar á FEGAMP e a Xunta de Galicia a esixir a derogación da Lei Montoro, a min a dúbida que me entra é porque non se lle solicita ao Congreso dos Diputados ou ao goberno da nación, que é o que ten a competencia directa sobre un real decreto ou unha lei de ámbito nacional para abolir esta... esta normativa, porque a Xunta e a FEGAMP non teñen competencias en leis deste calibre. E logo, no referente ao apartado catro, si que hai unha cousa que quero tamén comentar, que... eu non estou a favor deses parágrafos da Lei Montoro, principalmente porque os estamos vendo, e son moi duros para a administración, pero tamén son consciente de que se eses parámetros non chegan a estar en vigor a situación deste concello sería moito peor da que nos atopamos, pero moitísimo peor, moitísimo. Entón, que hai que deixarlle aos concellos que... desbloquear os seus fondos e utilízalos... posiblemente, pero tamén quero facerlle unha corrección, as declaracións que fixo a ministra, e non é precisamente deste partido, e non a vou a defender, foi a do embargo dos superávits; e este concello non ten superávit, por desgracia, ten un déficit galopante, que por iso temos que aprobar un plan económico e financeiro por non cumprir nin as regras de gasto nin tampouco por cumprir a estabilidade orzamentaria.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno. Se hai algunha petición abrimos un segundo turno. Non hai segundo turno... ¿queres pechar?.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Simplemente dicir que non é o mesmo un plan de axudas que un plan de reactivación económica, e fundamentalmente porque o plan de reactivación económica pídese que estea consensuado con tódalas administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais; algo que non fixo o Partido Popular cando convocou ese tipo de axudas. E despois, referente ao punto cuarto, é certo que de momento non hai nada en firme, pero tamén é certo que si atendemos ás diferentes manifestacións de diferentes políticos do estado, hai unha velada intención de que se poidan incautar ou bloquear os fondos municipais. Co cal, como digo, deixaría aos concellos sen ningunha marxe de acción. E polo tanto bueno, entendo que si o Partido Socialista vai a votar a favor, entendo que a moción sairá adiante, me imaxino, e entón bueno, alégrome e congratúlome de que o Partido Socialista vaia a apoiar esta moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos entón a votar. Votos a favor, en contra.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG para a elaboración dun plan galego de reactivación económica, e o Pleno da Corporación, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galiza a iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais.

Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

2.- Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.

3.- Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

4.- Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, queda aprobada a moción.

3.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN PARA REALIZAR UNHA CONVOCATORIA DE CONCURRENCIA NON COMPETITIVA DESTINADA ÓS COLECTIVOS VULNERABLES.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do grupo municipal de Esquerda Unida-SON En Común para realizar unha convocatoria de concurrencia non competitiva destinada ós colectivos vulnerables, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obtense o mesmo resultado, 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACION

Sr. Alcalde: Bueno, pasamos ao seguinte punto. Moción da voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común para realizar unha convocatoria de concurrencia non competitiva destinada ós colectivos vulnerables. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, bos días a todos e a todas. Esta moción, ou esta proposta que se trae aquí para a posibilidade de que se habiliten os mecanismos necesarios por parte do goberno para realizar unha convocatoria para os colectivos vulnerables non é unha proposta nova de Esquerda Unida, é unha proposta que xa a plantexou en diferentes comisións, durante

o estado de alarma incluso, pola necesidade que teñen as diferentes familias de Mugar dos, que é obvio que non son alleas á crise nin á situación económica que plantexou o estado de alarma polo cese da actividade, e o número tan importante de ERTE's ao que se foron acollendo as diferentes empresas dado o cese de actividade. Polo tanto é unha convocatoria que xa está plantexada, cremos que xa deu tempo a poder estudar a posibilidade de habilitar estes mecanismos, igual que se van a habilitar para os outros sectores nestes momentos tan complicados, convocatoria que non ten nada que ver con emerxencia social.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un turno de palabras. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, eu primeiro vou a facer un pequeno inciso, non sei si se isto se pode facer realmente aquí, porque... pero bueno, estraname que na moción anterior Esquerda Unida votara, cando nós presentamos unha moción similar, na que pedíamos... na que instábamos á Xunta de Galicia a que ampliara as... as... os importes, para a xente vulnerable e tal, e nese caso, e nese momento pois non votaron a favor, votaron en contra porque ía a haber eleccións. Pois agora me estrana esta... esta... este voto ¿non?. En canto a votar esta moción que presenta Esquerda Unida, nós aquí neste caso pois vemos que levamos pedindo en reiteradas ocasións ao goberno que nos dea... facilitase os datos ¿non?...os datos non dos colectivos vulnerables, por que bueno, os colectivos vulnerables son os que hai, hai unhas axudas xa que están pois e... concretas para os colectivos vulnerables... nós o que pedimos é unha axuda para as familias que estean nunha situación derivada do COVID, do ERTE ou dunha situación digamos que non lles permite levar unha vida... a súa vida normal. Eu entendo que este Concello como a maioría dos concellos xa teñen... xa temos axudas aos colectivos vulnerables, de feito na última... no punto seis da orde do día de hoxe, onde van as resolucións da alcaldía, pois aí van resolucións nas que se están facilitando pois medios para poder facer fronte aos gastos extraordinarios a grupos vulnerables. Tamén temos unhas axudas específicas para os autónomos, como grupo vulnerable tamén, aos autónomos. Entón entedemos que efectivamente os grupos vulnerables digamos que están, mais ou menos, cubertos. A nós o que nos estrana é que non se faga unha axuda para as familias, para axudar ás familias digamos a saír dalgún xeito desta situación. É o que nós levamos pedindo e o que levamos intentando conseguir nestes últimos meses. Nas comisións e... tratamos de pois, digamos, de abrir o debate e encauzar o debate cara a ese tipo de axudas, e nos... hai dúas comisións mensuais nas cales pois non se fala, simplemente sácase un tema e non se discute... non sei, e logo veñen ao pleno xa unhas... de mocións pechadas, como esta. Nós evidentemente pois estamos a favor de todo tipo de axudas a... de todo tipo de colectivos, de familias, de autónomos, de traballadores por conta allea... pero claro, non entendemos o encaixe disto, se realmente é un incremento do que xa hai, do que xa se está traballando en servizos sociais ou é unha axuda específica para unhas familias en concreto ou para uns grupos en concreto. Por iso imos a votar para abstermos nesta moción.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados (que traducido di): Si. Bueno, eu vou a relatar tódalas axudas que publicou o 8 de maio o BOE e que están en vigor para colectivos vulnerables. Medidas de materia laboral. Medidas complementarias de ámbito laboral. Medidas extraordinarias en

materia de formación profesional para o emprego. Criterios interpretativos para a xestión de actividades de asistencia a colectivos vulnerables. Permiso retribuído recuperable para traballadores que non prestan servizos esenciais. Dereito de adaptación do horario e redución de xornada. Subsidio extraordinario do sistema especial de empregados no fogar. Procedemento para a tramitación de solicitudes do subsidio extraordinario. Subsidio de desemprego excepcional por fin de contrato parci... temporal. Procedemento para a tramitación de solicitudes do subsidio excepcional de desemprego. Consideración excepcional como unha situación asimilada a accidente de traballo. Desemprego por extinción da relación laboral do periodo de proba. Presentación por desemprego dos artistas de espectáculos públicos. Medidas de flexibilización de mecanismos de axuste temporal de actividade. Plan estatal de vivenda 18-21 no cal se inclúen as axudas de aluguer. Programa de axudas para minimizar o impacto económico de alugueres de vivenda habitual. Suspensión do procedemento de desafuzamentos. Prórroga extraordinaria dos contratos de arrendamento. Moratoria de débeda arrendaticia. Límite máximo das liñas de avais e financiamento para arrendatarios. Requisitos de arrendatarios de vivenda habitual para acceder a axudas de financiamento. Convenio da xestión de liñas de avais de arrendamento COVID-19. Definición da vulnerabilidade económica aos efectos da moratoria hipotecaria. Protección dos debedores hipotecarios de especial vulnerabilidade. Moratoria da débeda hipotecaria. Instrumentos notariais formación e ampliación do prazo derivado da moratoria. Garantía de subministración de auga e enerxía aos consumidores vulnerables. Garantía de subministración de enerxía eléctrica, gas natural e auga. Medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico. Medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego. Adquisición e distribución de mascarillas por parte do Ministerio de Transportes. Medidas relativas ás residencias de persoas maiores e centros sociosanitarios. Medidas para asegurar o acceso á prestación farmacéutica do sistema nacional de saúde. Medidas complementarias de carácter organizativo así como de subministración de información. Acreditación para garantir a calidade de centros de servizos á dependencia. Medidas en materias de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais, servizos esenciais e determinación de centros, servizos e establecementos sanitarios. Medidas para atender necesidades urxentes de carácter social e sanitario. Interrupción da organización de calquera actividade de turismo social de maiores. Medidas excepcionais para garantir o acceso aos produtos de prevención de contaxios. Importes máximos de venda ao público de produtos de uso recomendados por medidas hixiénicas. Medidas suficientes complementarias de protección a consumidores. Interrupción do prazo de devolución de produtos. Suspensión de obrigas derivadas dos contratos de créditos sen garantía hipotecaria. Garantía do mantemento dos servizos de comunicacións electrónicas. Disponibilidade dos plans de pensións en caso de desemprego ou cese de actividade. Normas sobre disponibilidade excepcional dos plans de pensións. Bono social por parte dos traballadores autónomos que cesasen a súa actividade. Medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19. Disposicións aplicables á determinación de préstamos universitarios. Evolución da Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Medidas urxentes de protección das vítimas de violencias de xénero. Limitación da liberdade de circulación das persoas. Condicións nas que se debe desenvolver os desprazamentos da poboación infantil. Medidas que se adopten no ámbito de institucións penitenciarias. Reanudación de procedementos de adquisición da nacionalidade española. Servizos esenciais para determinados aloxamentos turísticos. Criterios de actuación para as

forzas e corpos de seguridade do estado. Persoas con discapacidade que teñan alteracións conductuales. Condicións para realizar actividade física non profesional ao aire libre así como os paseos. Medidas procesais e organizativas, bueno, etc, etc, etc. E así poderíamos seguir practicamente todo o día relatando tódalas medidas que están publicadas no BOE referente a colectivos vulnerables. Agradézolle a súa atención á voceira desta moción mentres mira o teléfono móbil e está atendendo ao turno de réplica. Así mesmo, quero comentarlle que precisamente referente a este... a este... colectivos vulnerables, nós lle preguntamos a quen lle temos que preguntar, que é ás nosas técnicas, porque á fin e ao cabo é de quen nós dependemos, e nós a dúbida que tiñamos era, se unha familia cunha situación que non ten expediente social e que non está introducida dentro do propio sistema municipal de axudas como as que hai instauradas ¿non?, se tiñan algún problema e necesitan axuda do Concello poden tramitalas sen dar documentación... sen ningún tipo de problema, porque hai un artigo dentro da propia... do propio regulamento de bases de emerxencia social, que di que as técnicas en base aos criterios obxectivos poderán dar varias axudas. Nós xa estamos dando axudas, como ben se comentou veñen nas resolucións da alcaldía deste Pleno, se están dando axudas de alimentos, se están dando axudas de aluguer, se está dando axudas de bono... bueno, tramitación de bono eléctrico, se está pagando todo aquilo o cal está recollido dentro do regulamento; de feito actualmente a concelleira de benestar está traballando nesa modificación do regulamento que xa se falou, no cal non se inclúen as moratorias de hipotecas, por poñer un exemplo, pero si que se inclúen dentro das medidas que eu acabo de relatar, que son medidas que aprobou o goberno da nación, que non é da Xunta nin do Partido Popular, son medidas que vostedes xa tiñan que coñecer. Entón nós o dos colectivos vulnerables por parte dos ERTE's, a maiores das liñas de axudas que xa está sacando o estado, que ten a Xunta e que teñen outras administración, nós xa adiantamos que se están presentando, bueno, vanse a presentar nos vindeiros días os orzamentos, vai a haber unha liña de axudas a autónomos e vai a haber unha liña de persoas para... para o colectivo dos traballadores, a maiores das que xa están en vigor. E os colectivos vulnerables, que eu prégoille por favor que diga cales son eses colectivos vulnerables, para saber se algún non ten algún tipo de medida, porque penso que tódolos colectivos vulnerables están ou ben amparados polas leis a nivel estatal e a nivel autonómica ou ben pola normativa a nivel municipal. Entón pois agradecería esa aclaración.

Sr. Alcalde (que traducido di): E... bueno, si. Abrimos e... bueno, eu... eu simplemente quero facer unha reflexión e é que o goberno está a facer todo o que pode e na medida en que ten recursos para que ningunha familia quede atrás con esta crise sanitaria e laboral, para que poidamos atender e chegar a tódalas familias mugardezas. Obviamente o esforzo que imos a facer e que de feito se vai a presupostar nos vindeiros presupostos pois é obviamente uns presupostos basicamente sociais, enfocados basicamente pois a as axudas precisamente dos colectivos máis vulnerables, e en todo caso bueno, indubidablemente dende cada un dos departamentos obviamente cada unha das modificacións que se poidan ir facendo para intentar conciliar, ou intentar abarcar de xeito transversal a todos estes colectivos, pois vai a ser unha das medidas que vaiamos a adoptar. É evidente, que como relatou o propio voceiro, obviamente hai unha batería dende parte do Ministerio importante, referente a estes colectivos e que obviamente pois os concellos podemos complementar en certa medida aquelas no que o alcance das mesmas non chegou, pero en todo caso o que non podemos é

duplicar os recursos en axudas que xa están dispoñibles. Quizais sexa responsabilidade das entidades locais pois dar unha maior información referente a este tipo de axudas para que en todo caso se poidan canalizar e chegar moito mellor a todos estes colectivos que obviamente pois o BOE co confuso que é, é difícil de entender e de informar obviamente de todas esas axudas, pero están dispoñibles. E obviamente cada familia que veña a este Concello solicitando pois un determinado perfil de axuda pois se lle poida tamén informar de todas estas cuestións. Entón, intentaremos tamén, na medida que poidamos, pois transmitir esa información que está no Boletín Oficial do Estado e que en todo caso pois ven a paliar a situación. Baixo o meu punto de vista persoal, obviamente, eu tamén entendo que negar axudas a unha muller con poucos recursos e tres fillos, cuxa comisión de valoración de prestacións económicas otorgouse por unanimidade, tamén é atender aos colectivos vulnerables. En todo caso eu creo que unha cousa é predicar e outra dar trigo, e obviamente o facer amósase andando. E polo tanto eu creo que o mellor que podemos facer é os nosos actos definen certamente o que queremos e as nosas intencións, e non hai maior intención que, efectivamente, chegar a calquera colectivo independentemente das circunstancias sociais, económicas ou doutro tipo. Ten a palabra para pechar a moción, se o desexa, a relatora da moción.

Sra. Díaz Otero: Bueno, pois como é obvio, e parece que polo voto en contra e pola abstención a moción non vai a saír aprobada, que sería abrir unha vía de debate, como é lóxico, nas diferentes comisións para que se puidera habilitar estes mecanismos necesarios para realizar esa... esa convocatoria. Porque creo que o dixen na exposición, foi unha cuestión plantexada xa en diferentes comisións de seguemento, o que quere dicir que hai voceiros que estiveron nesas comisións, pero como ven sendo tradicional fan oídos xordos ás propostas que fai Esquerda Unida, independentemente de que estean a xogar no... co teléfono, segundo a súa apreciación, porque foi reiterado en diferentes comisións de seguemento moito antes do levantamento do Estado de Alarma. Esquerda Unida o plantexou cando se plantexou tamén por parte de Esquerda Unida as axudas a autónomos e a pemes e a micropemes, e se plantexaron as dúas na mesma comisión, unha para familias e outra para autónomos, pemes e micropemes. Polo tanto non é unha novidade que se vaia a facer, creo que xa o dixen na exposición de motivos tamén, e non entraría dentro do baremo dos recursos de emerxencia social, pero bueno, vemos como por segunda vez se utiliza non o escudo social senón o escudo dos criterios técnicos para non abordar as iniciativas políticas; así se fixo para enviar a resolución da alcaldía do POS ADICIONAL 1, baseándose tamén, entre comiñas, no estudo das técnicas e das necesidades que sinalaban as técnicas, e o volvemos a facer agora, para rexeitar esta moción. Quero agradecer, en todo caso, ao portavoz do Partido Popular o relato que fai das axudas que puxo o goberno do estado en marcha, iso significa que hai unha saída da crise diferente da que se plantexou no 2008 por parte do Partido Popular, pero é obvio que se ben temos que atender a autónomos, pemes e microempresas, e sosteñen a uns traballadores que maioritariamente foron ao ERTE e perderon o 30% do seu salario porque con case toda seguridade o 100% dos empresarios deste país non asumiron ese 30% restante. Polo tanto nós entendemos que é de xustiza axudar a saír ás familias que entraron en ERTE e que polo tanto teñen maiores dificultades, pero bueno, entendemos que non vai a saír adiante e cremos que é un retroceso que é incomprendible para a poboación que haxa axudas a autónomos, pemes e micropemes e incluso que esa axuda poida contemplar un incremento

desa contía se teñen traballadores, e que eses traballadores que estiveron en ERTE ou que aínda están en ERTE, non vaian a recibir unha axuda por parte deste Concello.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos entón a votar. Votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, queda rexeitada... está empatado. Bueno, pois volvemos a votar entón. Volvemos a votar, votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois ante o empate pois decide o voto de calidade do Alcalde, que vota negativamente á moción. Queda rexeitada entón.

4.- MOCIÓN CONXUNTA DOS VOCEIROS/AS DOS GRUPOS MUNICIPAIS EU-SON EN COMÚN E BNG SOBRE A PEONALIZACIÓN DO PEIRAO PARA OS MESES DE VERÁN.

Tras deliberación, sométese a votación a moción conxunta presentada polas/os voceiras/os dos grupos municipais de Esquerda Unida-SON En Común e BNG sobre a peonalización do peirao para os meses de verán, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obtense o mesmo resultado, 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Pasamos ao seguinte punto, que é o punto cuarto, moción conxunta dos voceiros dos grupos municipais de Esquerda Unida-SON En Común e BNG sobre a peonalización do peirao para os meses de verán. Ten a palabra o poñente ou a poñente da moción.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, bo día outra vez a todos e a todas. Bueno, esta moción o que pretende é solicitar por escrito a Portos de Galicia a peonalización do peirao nos meses do verán para poder afrontar con moitas máis garantías esta nova normalidade que nos está a tocar a vivir. Dende o pasado día 15 de xuño Galicia entrou de feito nesta chamada nova normalidade, co levantamento do Estado de Alarma, pero cos condicionantes de que había que seguir a manter as distancias de seguridade e o uso de máscaras cando non fora posible manter esta distancia de seguridade de entre 1,5 e 2 metros. E é certo que a ampliación de terrazas por parte da hostalaría para paliar as perdas da crise provocada pola COVID-19, a afluencia de xente, tanto nativa como turista, que acude ao peirao e o tráfico rodado, o que van a facer é que o espazo peonil que había, que xa non era moito, pois sexa menor, e isto vai a poder... vai a dificultar o poder cumprir coa distancia de seguridade. E bueno, por iso o acordo que se propón ao Pleno é o de solicitar a Portos de Galicia por escrito a peonalización do peirao para os meses de verán, respetando o acceso para os residentes, carga e descarga, profesionais vinculados á actividade económica, persoas con mobilidade reducida, e todos

cantos outros colectivos se considere adecuado. Esta peonalización podería executarse de maneira flexible en días e horarios.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un primeiro turno. Palabras. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, nós sempre fomos defensores da peonalización do peirao, non como unha medida... non queremos que sexa como unha medida extraordinaria do COVID, porque senón por ese mesmo motivo tamén sería bo pois ao mellor pensar en que se podería peonalizar a Avenida de Galicia, onde está os establecementos abertos, que ocupan practicamente toda a beirarrúa, e tampouco hai espazo suficiente para pasar, ou outras zonas do pobo ¿non?. Pero si que... si que é verdade, bueno, que sempre se comentou que a posibilidade da peonalización do peirao pois viña ligada, digamos, relacionada con que houbese outro acceso ao peirao, porque é evidente que non se pode pechar o peirao, xa o contempla na propia moción, na cal pois xa se nos indica que poden entrar profesionais, poden entrar residentes, poden entrar colectivos que consideren axeitados e tal. Entón bueno, isto creo que desvirtúa un pouco o que é unha peonalización ¿non?, si nunha zona peonil pode entrar nos meses... ou sexa, residentes, carga e descarga, profesionais vinculados á actividade económica, persoas con mobilidade reducida e todos cantos outros colectivos considere axeitado... parece que o que estamos é facendo pois un acordo para que non poida entrar a xente de fora do pobo ao peirao en verán. Entón o resto si, porque todos temos a algún familiar, algún motivo para ir ao peirao, todos somos... imos a buscar a un traballador dunha cafetería ou imos a... ou dun restaurante, ou imos... pero non entendemos moi ben a relación que hai entre o tema do COVID e a peonalización do peirao, sinceramente. Entón, neste caso, o que si nós sempre pedimos para o peirao, e para todo o pobo ¿non?, pero bueno, pero en particular para o peirao, pedimos que se restableza todo o que falta, todo o mobiliario, seguro que fai faltan elementos de seguridade, como son bolardos, que faltan máis de 30, de alumeado tamén está escaso, falta o alumeado, faltan bancos, papeleiras, etc... todo iso cremos que si que é necesario... como a limpeza, en xeral, que iso si que vai a axudar á seguridade do peirao neste momento, que están as terrazas postas na beirarrúa, digamos, ou en zonas de paso que habitualmente non están as terrazas ¿non?. E bueno, iso é o que indicamos, que efectivamente, nós estaríamos de acordo sempre que houbese unha alternativa de acceso para que efectivamente fose realmente unha peonalización, e non unha peonalización así moi estraña. Aínda que si ao mellor alguén... algún grupo ten xa algún proxecto, como aconteceu no momento da rotonda dos Corzás, e que nós non coñezamos, pois que nolo comenten.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, a peonalización do peirao non é unha cousa descoñecida xa para este Pleno, porque xa van varias ocasións, esta vez por cuestión do COVID, que se trae o tema de peonalizar os meses de verán. Hai unha cousa que nós temos clara, no punto anterior se nos achacaba que seguíamos criterios técnicos para non levar a cabo debates políticos. Bueno, nós cremos que os criterios técnicos hai que telos moi en conta, porque son os que che din o que se pode facer e o que non se pode facer. Si hai un

criterio técnico que di que non se pode gastar 1,7 millóns en facturas irregulares, pois o lóxico é cumprir ese criterio técnico, e non gastar un millón setecentos mil euros en facturas irregulares. Nós pensamos así. O tema de Portos é moi claro, non se pode peonalizar o vial de Portos e non é que non queira o Concello ou que non queira o voceiro do Partido Popular ou que non queira o Alcalde, é que si se solicita isto a Portos vai a dicir que non, ¿por que?, porque necesita acceso rodado ao porto, que é da súa competencia. Entón xa sabemos cal vai a ser a resposta, porque xa foi a súa resposta que non. E aínda así, coa súa resposta de non, quenes presentan esta moción pecharon o peirao. E pecharon o peirao coa correspondente perda económica para... vostedes nos puntos pasados defendían que había que defender aos traballadores dos ERTE's, aos autónomos, e tal... e ¿Que pasa cos hostaleiros do peirao que tiveron que pechar pola peonalización?.. Eses non son tampouco... a ver... algún concelleiro deses grupos, o entendo, pero é que é a verdade, cando se peonalizou o peirao, sen ter en conta á hostalaría, pasou o que pasou. Esta moción, eu preguntei onte de noite a varios hostaleiros do muelle, nin sequera sabían que viña hoxe ao Pleno. Entón, como mínimo falar con eles, como mínimo ¿eh?, xa non digo e... porque van a ser os principais afectados, entón como mínimo creo que deberían de estar enterados. Nós estamos a favor da peonalización, o dixemos antes, e sempre e cando exista un acceso alternativo. Porque tamén pasou como cando foi o tema da rotonda de Catro Camiños, apareceu aí un proxecto, apareceron aí unha serie de cousas que fóronse traballando de cara á corporación, que fóronse traballando un pouco pola porta de atrás e que descoñecíamos ata que chegamos ao goberno. Entón, pois sería interesante abordar tamén ese tema. Nós pola nosa parte queremos presentar unha emenda a esta moción, e é que estamos de acordo en solicitar a Portos por escrito a peonalización do peirao pero non soamente para os meses de verán, a queremos durante todo o ano, e a queremos solicitar unha vez se dote de accesos alternativos á Praza da Constitución. Porque o problema que hai aquí é que non hai unha forma accesible de chegar ao... á Praza da Constitución. Ese é o problema real, que non hai outro acceso para chegar ao peirao. E este goberno está traballando para buscar esa solución, para buscar ese outro acceso. E cando teña unha proposta levaraa por comisión para que tódolos grupos o saiban, non pola porta de atrás.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois se hai algunha petición para abrir un segundo turno... si, bueno, pois abrimos un segundo turno. ¿Palabras?. Pilar e Miguel. Si, pois Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, si en algo imos coincidir co voceiro do Partido Popular é que xa é un tema que veu varias veces a este Pleno, e bueno, a posición neste caso do Partido Popular é unha posición que reflexa a posición que adoptou en plenos anteriores, que é vincular a peonalización do porto á construción dese acceso alternativo á Praza da Constitución. E... bueno, o argumento noso vai a ser o mesmo, e é que implícitamente iso implica dicir non á peonalización a pesares de que fai un ano, ou máis dun ano que está en trámite unha modificación puntual para a apertura dese acceso que como todo o mundo sabe, ou polo menos tódolos concelleiros que están aquí presentes, leva a súa tramitación e con varios informes xa reflectidos a través do rexistro deste Concello, dos distintos estamentos que teñen que pronunciarse sobre esa proposta. Pero que é un camiño que non é... que non é curto, como ademais así se plantexou nos diferentes debates que se realizaron entorno a esta... a esta proposta. Bueno, é evidente que a peonalización do porto aínda que sexa nesta

versión reducida si ten que ver moito co COVID, porque tódolos concellos de Galicia e do estado plantexaron non só peonalizacións estritamente 100% de novas vías, ampliación de beirarrúas, peche de carrís... bueno, tódolos concellos, o Concello de Ferrol... bueno, diferentes concellos de todo... están ante esta situación de distanciamento social, e tamén, como non dicilo, da necesidade de ter unha ocupación máis importante por parte da hostalaría, por eses tempos que quedaron parados por mor do Estado de Alarma, igual que do comercio, ven a facer que ese tecido económico busque novas alternativas e novos espazos, de aí que poidamos ver estes días situadas terrazas onde xa Portos fai anos permitía a colocación de terrazas pero que a hostalaría nunca as colocou alí por non crelo de interese, e sen embargo este ano si o cre de interese, e polo tanto coa autorización de Portos, que xa a tiña naquel momento, se a quixeran dispoñer dende fai anos, poidan colocar as súas terrazas. Pero é obvio que esta utilización das dúas beirarrúas leva problemas, non só para o tránsito das persoas en silla de rodas e carritos, senón tamén para ese distanciamento social que vai a ser obrigatorio durante bastante tempo. Dicir tamén que no momento en que Portos fixo a consulta de forma oficial coa hostalaría, non coa hostalaría senón cos sectores implicados, non foi precisamente a hostalaría unha das que se manifestaron en contra desa peonalización, senón que como todo o mundo o recorda, porque ademais meteron un escrito no Concello, manifestaban que non estaban en contra da peonalización, senón da premura coa que se había feito naquel momento e daban unha serie de consideracións para ter en conta, que se poderían ter en conta neste momento, e que ademais veñen recollidas aquí. Por outra parte creo que esta moción o que fai é instar a que se traballe nese sentido, primeiro con Portos, que terá que facer as consultas pertinentes, máis alá das consultas que poidan facer os grupos municipais, a quen lle corresponde facer esa consulta antes de que o Concello remita esa proposta sería o propio Portos de Galicia, como é preceptivo por parte deles. Polo tanto para nós esta non é unha peonalización, non se está propoñendo unha peonalización, se está propoñendo unha medida puntual para unha situación puntual de emerxencia sanitaria, como a que estamos a vivir neste momento, e que poida combinar os intereses económicos cos intereses do conxunto da cidadanía.

INCIDENCIA: Faise constar que sendo as 9.42 horas, durante a intervención da concelleira Dna. María del Pilar Díaz Otero, auséntase, con permiso da presidencia, o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, reincorporándose á sesión ás 9.43 horas durante a intervención do concelleiro D. José Miguel Mahía Prados no presente punto da orde do día.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, Jorge foi a avisar para que paren uns minutos, ata que remate o Pleno, porque senón é imposible escoitar todo. Bueno, e... vale, Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si. Bueno, que nós vinculamos a peonalización co acceso, obviamente que vinculamos a peonalización co acceso, e que faltaría máis, que non vinculáramos a peonalización co acceso, e que o mesmo escrito que fai vostede mención, da propia hostalaría, vincula a peonalización co acceso, señora Díaz. É a propia hostalaría... do que di vostede, que hai unha serie de consideracións, as consideracións é dotar de accesos

alternativos ao peirao. Entón claro, claro que vinculamos, e xa lle dixen, o vinculamos tamén porque nos respectamos os criterios técnicos, e os criterios técnicos din que ese vial non se pode peonalizar porque, primeiro, non é un vial de titularidade municipal, como si o son a Rúa Magdalena en Ferrol, a Rúa Real en Ferrol e diversos viais de diversos Concellos que son de titularidade municipal. Claro que poden peonalizar... nós podemos facer unha peonalización da Rúa Real, é nosa, claro que poderíamos abordalo, pero o vial de Portos non é noso. ¿E cando poderíamos pedir a cesión do vial de Portos?. Cando dotáramos dun acceso alternativo ao Porto. Entón si que poderíamos solicitalo, como fixo o Concello de Ares fai anos. Porque o Concello de Ares fai anos tiña tráfico rodado polo peirao. ¿E por que puido pedir a cesión?. Porque había outro acceso ás instalacións portuarias, e por iso puido solicitalo. Ese é o camiño que nós queremos emprender. Vostede di que é irrealizable, home, sería irrealizable para vostede, para nós non é irrealizable, nós temos ambición por mellorar este pobo, e por iso nos presentamos ás eleccións. E nós imos a traballar por ampliar o acceso ás Casas Baratas e mellorar o acceso pola magnética e mellorar todo o posible para poder facer un acceso viable e poder peonalizar o peirao. E volvo a repetir, non estamos en contra da peonalización, hai que facela, si, pero hai que facela cando se teñan os accesos. Non se poden comezar as casas sen ter nin piares nin muros, non se pode facer un tellado e deixalo aí. Referente ao tema de... da hostalaría, bueno, nós aquí nos reunimos con ela, tanto coa hostalaría coma coa confraría, e cando se abordaron os temas urbanísticos de como facer para ampliar terrazas, para facer como gañar ese espazo, ¿sabe cal foi a primeira idea que se desbotou?. A peonalización tal e como a propón vostede. Porque se agora, despois do tema do COVID, que xa está a hostalaría tocada, volvemos a pechar o vial e non deixamos o tránsito rodado, daquela si que pechan tódolos negocios do peirao, todos, e non o dicimos nós ¿eh?. Se falou aquí na reunión coa hostalaría. Por iso dígolles que antes de presentar esta clase de mocións falen cos sectores, porque mellor que eles non van a coñecer a realidade, e nós tampouco, por iso nos sentamos e falamos con eles, porque nos interesa a realidade de Mugardos e estamos aquí para aportar solucións, non para darlles máis problemas dos que xa teñen.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois esgotado o turno de intervencións... ¿queres pechar a moción?.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, pois simplemente facer referencia a un par de cousas, e é que... bueno, dise que non se entende esta medida extraordinaria, é certo que nós tamén somos partidarios da peonalización permanente, pero é certo que en situacións extraordinarias haberá que tomar medidas extraordinarias para poder paliar estas situacións. E tampouco se entende o de que é unha especie de peonalización... de media peonalización; bueno, tamén é certo que o que se pretende é facer unha peonalización non moi estricta pero é certo que en calquera plan de mobilidade de calquera Concello e incluso en calquera zona das consideradas arquitectónicas ou do casco vello, sempre hai pases para os residentes, sempre hai pases para as actividades comerciais, e sempre hai pases para unha serie de colectivos que polas circunstancias que sexan deben poder pasar. E é certo que o peirao pois necesita pois a reposición do mobiliario urbán, no cal nós tamén estamos de acordo, pero tamén é moi certo que cando un... se reorganiza unha zona, tende, non sei porque, a urbanizarse dunha maneira moito máis axeitada e moito máis conforme para a poboación en xeral. E bueno, xa para

rematar dicir que os principais afectados son a hostalaría... pois claro que os principais afectados son a hostalaría, porque é os que teñen ali o negocio, pero tampouco podemos obviar que os principais afectados é toda a veciñanza de Mugar dos, que é un sitio de desfrute para toda a veciñanza, que haberá veciñanza que non estea moi a favor da peonalización pero supoño que tamén haberá moita veciñanza que si estea a favor da peonalización. Entón, xa que o goberno ven a mirar para solucionar o problema de tódolos mugar deses, o problema de tódolos mugar deses non é única e exclusivamente a hostalaría. O problema de tódolos mugar deses é o problema de tódolos mugar deses.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, unha cuestión antes da votación. É indubidable que tódolos que estamos aquí buscamos o beneficio da maior parte dos mugar deses, senón toda, pero tamén é verdade que hai opcións que se formulan que so dan solucións a unha metade, mentres que a outra ten un prexuízo. Nós somos dos que pretendemos que en todo caso o prexuízo, se o ten que haber, sexa o mínimo posible, e non escoller entre unha opción que consideramos maioritaria, porque vulnerar a un colectivo a que poida abrir as súas portas non nos parece unha opción viable para a economía mugar desa. Polo tanto o único que queremos é que o amplo consenso que poida acontecer durante un proxecto desta envergadura conte co maior consenso posible dentro de tódolos sectores implicados. E isto significa pois non deixar a ninguén atrás, non coller e renunciar a que a nosa hostalaría poida progresar ou simplemente pois tomar unha medida que beneficie a unha amplitude, como ben dixo, de veciños que poidan estar a favor, pero que prexudique a outra, enorme, que poida estar en contra. Eu creo que en xeral ninguén está en contra dunha peonalización si se fai coas medidas oportunas, que son facer alternativas viables para que ningún deses colectivos estea en contra, é dicir, se nós dotamos dunha alternativa no peirao para que poida sairse por aí, os que estaban a favor van a seguir sendo a favor e os que estaban en contra por falta de acceso tamén van a estar a favor, porque teñen a resposta e esa solución aos seus problemas. Polo tanto eu creo que insistir sobre a situación de ter que impoñer a peonalización contra un sector, que obviamente está nunha situación de vulnerabilidade, que vai xustamente contra a proposta anterior, que está no Pleno, eu creo que é ir en contra dun colectivo de mugar deses, e nós non queremos ir contra ningún colectivo de mugar deses. E nós queremos que en todo caso as medidas que se tomen primeiro, se tomen e cun amplo consenso desta corporación; segundo, o goberno non vai a impoñer esas medidas; terceiro, falar con tódolos sectores implicados. Fixémolo, e en todo caso sabemos que hai aínda deficiencias importantes para tomar esas medidas. E polo tanto, ¿seguro que queda tempo que traballar?, si, hai moito tema que traballar, hai que buscar ese acceso, hai que buscar un acceso que non prexudique a ningunha familia; hai que dotar de accesos que estean consensuados con tódolos grupos políticos e non tomar medidas que o goberno de turno, aínda en minoría, poida determinar que son as mellores, porque ninguén está en posesión da verdade absoluta, por iso hai que chegar a un consenso amplo nesas medidas. Polo tanto, partindo da base de que ao final todos estamos de acordo coa peonalización, onde disentimos aí e nos medios que poñemos a disposición desa peonalización, pois vaiamos a poñer eses medios en marcha dun xeito que non se prexudique a ninguén. Nós cremos que se pode facer e nese camiño queremos contar con todos; obviamente non creo que ninguén dos que están aquí sentados queiran prexudicar a ningún sector nin queiran prexudicar a ningunha familia, porque senón estaríamos falando doutra cousa. E polo tanto nós dende logo imos a intentar

facen todas aquelas medidas que poidamos facer para non prexudicar a ninguén en canto á súa actividade económica, a súa actividade familiar e a súa actividade laboral. Polo tanto, nese camiño pois nós imos tomar as medidas oportunas en canto a comezar eses trámites para obviamente buscar alternativas que non prexudiquen a ninguén, e en todo caso pois seguiremos falando desta cuestión, porque o noso ánimo é construtivo e que todo o mundo poida dar a súa opinión, dar esas alternativas e cando menos buscar unha canle maior, dun consenso amplo que cremos que debe habelo para construír un Mugardos onde ninguén quede excluído e que todo o mundo poida, obviamente, pois tomar parte dunha decisión deste calado. Bueno, en todo caso agradecendo a preocupación... ¿si?. ¿Pero pechou o relator?. Bueno... ti pechaches... ti falaches... ti falaches... bueno Pilar, ti pechaches este debate en moitas ocasións, entón, agora non poido facer o que ti facías... bueno, é unha interpretación que fas ti... si, claro, a interpretación...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, pois pedimos unha aclaración polo secretario do Pleno.

Sr. Alcalde (que traducido di): Non vou a dar a aclaración porque xa rematou o...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Ah, os técnicos non valen agora. Ah... cal é o criterio... Claro, pedimos unha aclaración ao secretario do Pleno.

Sr. Alcalde (que traducido di): ¿Aclaración sobre que?.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Sobre quen pecha o debate. Non sobre a posibilidade de que o Alcalde fale cando queira, o debate péchao o poñente da moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pois o secretario non vai a dar a súa opinión sobre isto.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Ah... non vai a dar a súa opinión.

Sr. Alcalde: Vale.

Sr. Mahía Prados: O regulamento di que o interpreta... eu non son o secretario, xa o sei, eu non son o secretario, pero o regulamento di que se interpreta en caso de dúbida por parte do Alcalde. Ti o facías cando eras Alcaldesa e agora faino o Alcalde cando é Alcalde.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso é obvio que non se poden pedir uns dereitos que non se outorgaron antes señora Díaz. Vostede non daba pe, absolutamente ningunha opción, e agora quere vostede todas. É obvio que o Alcalde non vai a consentir isto. Polo tanto acabada esta cuestión pásase á votación. Votos a favor da moción... ah, perdón, hai unha emenda, efectivamente, hai unha emenda, repite a emenda por favor, que quede clarificada.

Sr. Mahía Prados: A emenda sería, a peonalización completa do peirao, sempre e cando exista un acceso alternativo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois os relatores que decidan sobre esta cuestión.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Explicación do voto que imos a emitir.

Sr. Alcalde (que traducido di): ¿Pero aceptades a emenda ou non a aceptades?.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Queremos explicar...

Sr. Alcalde (que traducido di): Non aceptades a emenda, pero... Si, si, pois facer unha explicación, claro que si.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, creo que o dixen na exposición, en primeiro lugar porque non é unha emenda á moción, é unha emenda a anular a moción, dado que é obvio que como xa dixen a modificación puntual número 15 leva en trámite un ano para poder habilitar ese acceso, pero non manifestamos que fose imposible, é dicir, é tan posible que o goberno anterior foi o que encargou ese estudo, esa modificación e o que a tramitou. É dicir, tan posible como que nós cremos niso que foi o goberno anterior o que propuso esa modificación puntual e polo tanto xa leva un ano de tramitación. Pero como dixi antes o voceiro do BNG, é obvio que esta moción é para un momento concreto cunha situación concreta como é a do COVID. E tamén gustárame ler o que di a hostalaría, que o meteu por rexistro o 3 de agosto de 2017, e di, reunidos os locais de hostalaría do peirao de Mugar dos, Cabo Leiras, a Estrella del Muelle, Muelle 43, La Isla, Tino, El Asador, A Rampa, As de Guía e Amaragotas, acordamos informar ás autoridades competentes do Concello de Mugar dos o noso punto de vista e peticións que ao noso parecer favorecerían a peonalización e son as seguintes: Informar por medio de sinalización nas tres entradas ao pobo dos accesos ao peirao así como dos aparcadoiros. Nos casos de forza maior, avaría, carga e descarga, deixar pasar ao servizo técnico e provedores para subministrar aos locais de hostalaría. Que a Policía Local informe dos accesos e aparcadoiros, que non se limiten só a dirixir o tráfico. Nota informativa na prensa na que se informe dos aparcadoiros e accesos ao peirao. Dípticos para ofrecer aos visitantes, tanto en locais de hostalaría, en puntos de información, nos cales se informe da peonalización, accesos e aparcadoiros. Informar que cremos que as sinais que se atopan na baixada principal ao peirao son contraditorias, porque hai unha que limita a velocidade a 30 quilómetros por hora e outra que prohíbe o paso. Pedimos que deixen pasar ás persoas que teñen algún tipo de minusvalía ao aparcadoiro do Parque da Constitución. Como opción, pedimos que o paso de carga e descarga que está habilitado ata as 12 despois poder empregalo como dirección única para facilitar o paso, limitando a velocidade, facilitaríase o tráfico, semáforos en Cabo Leiras para regular o aparcadoiro. Con isto queremos facer chegar á autoridade competente que non estamos en contra da peonalización pero si pensamos que se fixo moi precipitadamente e nalgunhas datas críticas para a hostalaría. Nesta semana comprobamos que o fluxo da clientela baixou substancialmente. Grazas de antemán, o responsable de Cabo Leiras, La Estrella del Muelle, Muelle 43, La Isla, Tino, El Asador del Muelle, A Rampa, As de Guía, Amaragotas e Cantina del Club del Mar.

Sr. Alcalde: Si.

Sr. Mahía Prados: Si. Aclaración de voto. Bueno, á vista de que se vai a rexeitar a nosa emenda, obviamente o voto vai a ser negativo. Pero ademais de que o voto vai a ser negativo, porque nós estamos en contra tamén... desa modificación da que se falaba revéntalle a casa a unha veciña, a colle polo medio e medio. Entón nós o tema de utilizar o... de facer dano aos veciños para conseguir os fins políticos... iso non... nós non o compartimos. Tampouco compartimos que... vostede fala dese escrito do ano 2017, si, estamos no ano 2020, e de feito unha desas persoas que asinou ese escrito que comentaron antes, xusto cando comezaron a peonalización, pechou, pechou porque tivo perdas por non poder realizar a súa labor pola peonalización que vostedes fixeron, e vostede o sabe tan ben coma min, o sabe tan ben coma min. E ese escrito era de cando se comezou, e vostede despois de recibir ese escrito non fixo nada, nada. ¿E agora quere volver a incorrer no mesmo erro?. Non conte con este goberno para facerlle dano aos veciños, se quere facerllo xa lles fixo vostede bastante.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, imos a pasar entón á votación. Votos a favor, en contra... perdón. Claro, non aceptáchedes a emenda e agora votamos a... a ver, perdón, votamos outra vez. Votos a favor, en contra, abstencións. Empate. Pois votamos outra vez. Votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois co voto de calidade, o Alcalde vota en contra da moción. Rexéitase a moción.

5.- MOCIÓN DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN PARA HABILITAR O ORZAMENTO NECESARIO PARA A ADQUISICIÓN DE DISPOSITIVOS DE CONEXIÓN A INTERNET PARA O ALUMNADO ESCOLARIZADO NOS CENTROS EDUCATIVOS DE MUGARDOS.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada pola voceira do grupo municipal de Esquerda Unida-SON En Común para habilitar o orzamento necesario para a adquisición de dispositivos de conexión a internet para o alumnado escolarizado nos centros educativos de Mugardos, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obtense o mesmo resultado, 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Pasamos ao punto quinto. Moción da voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común para habilitar o orzamento necesario para a adquisición de dispositivos de conexión a internet para o alumnado escolarizado nos centros educativos de Mugardos. Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno. Pois é obvio que parece que todo o mundo así se manifestou tra-la pandemia a fenda dixital que hai no ámbito escolar, xa tamén o escudo social do goberno do estado fai unha proposta neste sentido, algo... unha medida que aprobou no Consello de Ministros a posteriori da presentación da moción. En todo caso cremos que a moción a debemos de manter para garantir que si os fondos do estado non son capaces de absorber e corrixir toda esa fenda dixital que hai no Concello de Mugardos no ámbito da educación, poida ser asumida por este Concello e que polo tanto traballemos para esa educación que garanta a oportunidade... a igualdade de oportunidades.

INCIDENCIA: Faise constar que sendo as 9.59 horas, durante a intervención da concelleira Dna. María del Pilar Díaz Otero, auséntase, con permiso da presidencia, a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular Dna. Begoña Roldós Iglesias, reincorporándose á sesión ás 10.00 horas durante a intervención da mesma concelleira no presente punto da orde do día.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, pois comezamos un turno de palabras. ¿Palabras?. Gemino e Miguel... e José Ángel. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Dicir que nós imos a apoiar esta moción máis que nada porque vimos que a COVID-19 veu a poñer en perspectiva a desigualdade que existe entre os diferentes sectores da poboación mugardesa no que atinxe á posibilidade de conexión e uso das novas tecnoloxías, especialmente no que se refire ao ámbito educativo. E ademais porque entendemos que este tipo de educación vai a ser a educación do futuro, e para iso non temos máis que botar unha ollada á proposta que acaba de facer o Colexio Santiago Apóstolo de Franza ao sumarse ao proxecto EDIXGAL 2020, que vai a permitir levar a cabo cambios metodolóxicos no proceso educativo, cara unha educación máis aberta, máis consciente, máis significativa e máis construtiva. Pero tamén entendemos que para isto é necesario que tódolos nenos e nenas do noso Concello poidan traballar tanto no colexio como dende a casa con igualdade de posibilidades. E por iso digo que imos votar a favor desta moción.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ben, bueno, eu creo que isto se tratou durante toda a... durante tódalas comisións que houbo da COVID ¿non?, que se puxo de manifesto... bueno, dio a emenda... ou digo a moción, perdón... se puxo de manifesto a brecha dixital e os problemas que estaba a haber e tal, entón nós cremos que este é un tema, efectivamente, que é educación ¿non?, o que debe de facerse cargo de todo este tipo de cuestións, pero si que en todo caso moitas veces o Concello, que é a administración máis cercana, nós tamén o comentábamos, moitas veces tamén é necesario pois que estea atento e pendente das familias que poidan quedar digamos con... con algún tipo de problemas para poder acceder á... á rede ou a internet, ou incluso nós tamén comentábamos a posibilidade de que o Concello utilizase equipos informáticos para os alumnos do instituto ou do colexio, que vimos que nesta pandemia, creo que foi Reganosa ou unha empresa local que tamén pois

axudou. Teño entendido que o goberno por algunha explicación que nos deu durante as comisións da pandemia que se había... se había dotado a algunha familia dun instrumento para poder conectarse a internet. Entón bueno, en principio... cremos que ademais ten cabida, seguramente, dentro do que é as axudas ao ensino e ao transporte, porque van por aí encamiñadas, si que entendemos que habería a posibilidade de... pois o que pide a moción, habilitar un orzamento, unha contía, axeitada a esa... a esa, en particular, pois a ese motivo ¿non?, para os ordena... para o que son ordenadores ou equipos informáticos ou equipos de... de... de conexión a internet. O que si, independentemente, da moción, o que si é importante, e que se continúe coa instalación de fibra, non só nas parroquias como se está a facer senón tamén no Concello, porque o que é no núcleo, no casco urbán, porque aínda hai veciños que non dispoñen de conexión a internet de alta velocidade, e iso si que é unha cuestión que o Concello debería de tratar de apurar ou axilizar dunha maneira máis rápida posible. Pero bueno, en canto ao que é ampliar o... os orzamentos, nunha contía razoable, visto o que pasou agora nesta... neste periodo de pandemia, que xa temos esa experiencia, e polo tanto xa se pode saber un pouco canto... a canto ascendeu ese gasto, pois si que se podería dotar unha partida nas... para ampliar as axudas ao ensino e ao transporte, que nós cremos que é onde ten o encaixe un pouco esta... esta axuda.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, como ben dixo antes... agora mesmo, o voceiro do PSOE, é unha competencia que é de educación, competencia da educación correspondente da Xunta. A Xunta o que fixo foi, o 2 de abril, é a distribución de mil portátiles con conexións a internet gratuítas, destinados á xente que non tiña este tipo de recursos, e ao que hai que sumar as máis de 20.000 liñas de datos que puxo en funcionamento o propio Ministerio. ¿Dende o Concello que fixemos?, bueno, o que se fixo foi, principalmente... cando se presenta esta moción volvo a dicir o mesmo que digo na... coa moción do peirao, ¿vostedes antes de presentar esta moción falan coas ANPAS ou falan cos centros educativos para saber cantas exactamente é o número de familias afectadas por isto?, porque nós o sabemos porque a concelleira de benestar e a concelleira de cultura falan con eles. Entón por iso e... se estiveran... vostedes foron todos á comisión do día 4 de benestar, ¿verdade?, polo que figura na acta estaban todos vostedes, e na propia... expediente, que veñen as axudas de transporte e ensino aí ven recollido unha ampliación de obxectivos, que son a de... os famosos pinchos con conexión a internet, que veñen recollidos dentro da... das cousas que son subvencionables por este tipo de axudas municipais, a maiores das que xa hai dentro de... repito, das liñas que puxo en funcionamento a Xunta e das liñas que puxo en funcionamento o... o propio Ministerio. E repito, tiveron ese encaixe porque nós sabemos o número de afectados... familias que había afectadas por esta... unha cousa é o que se ve nas redes sociais, e outra cousa é a realidade, e a realidade a dan as ANPAS e os centros educativos, que é con quen se hai que falar para presentar esta clase de mocións. Entón, a nós parécenos e... bueno, eu penso que si se leran as bases de transporte e solidariedade... e ensino, xa non se tería presentado esta moción.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, algunha petición de segundo turno. Si, abrimos un segundo turno, palabras. Segundo turno, José Ángel, segundo turno.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Nada, eu simplemente dicir que efectivamente, como xa está contemplado e xa tal, nós cremos que ese é o motivo polo que votaremos neste caso a moción a favor, porque xa está contemplado, xa se está facendo, e xa supoño que haberá... no orzamento se incluíra esa partida. Este tema, efectivamente, o normal é que se discutira na comisión ¿non?, eu preguntáballe... bueno, ao noso concelleiro que vai á comisión e di que non, que non se discutiu, que na comisión simplemente se presentou e non houbo ningún tipo de discusión nin nada. Supoño que unha vez que se aprobe a axuda van ao orzamento ¿non?, entendo, será entón aí onde se recollerá. Pois por ese motivo nós pensamos que se vai a votar a favor porque xa é algo que xa está en trámite ou en curso, non o sei.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, haber, unha cuestión, que se aclarou... nesa comisión deuse conta, perfectamente, desa inclusión, deses dispositivos de acceso a internet dentro das axudas á escolarización. Polo tanto esta medida está, obviamente, está articulada xa nesas medidas, obviamente, está... está... calquera tipo de orzamento, independentemente da súa contía, ten que estar evidentemente ben orzamentada no orzamento. En todo caso xa se tomaron esas medidas para que no vindeiro orzamento xa figure esa dotación orzamentaria. Polo tanto... haber, independentemente cada un pode facer o que desexe, obviamente, se logo dise que si e logo no orzamento vota que non, é evidente que a moción aínda que saia aprobada vai a saír rexeitada. Pero digo eu, isto está, obviamente, no propio orzamento. Nós non temos ningún problema, dado que ademais xa o planificamos, en votar incluso a favor desta moción, porque xa o temos orzamentado para este orzamento e non hai absolutamente ningún inconveniente en votar a favor de algo que xa fixemos. E... bueno, pois nada. Aclarada esta cuestión pois votamos, en todo caso. Ah, queres pechar... bueno, agora que tiñas a unanimidade...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Me gustaría aclarar, porque creo que hai unha confusión interpretativa da moción. Non lin a parte do acordo, pero é obvio que Esquerda Unida non vai a traer unha moción para algo do que é plenamente coñecedora, non só porque estivera nesa comisión de benestar, senón porque as bases... polo menos a proposta que se trouxo á comisión para debate eran practicamente iguais ás que viñan estando en vigor en anos anteriores. E quero recordar a todo o mundo ademais que durante este ano se fixo unha modificación de crédito polo goberno anterior, aprobado creo que por unanimidade neste Pleno, e se non foi non é con error... con intención de equivocarme, para dotar a partida de investimento para que se puidera, nesas axudas á escolarización do ano pasado, aceptar as facturas que viñan dentro do investimento e que polo tanto non eran gasto corrente, se mal non me lembro, creo que por un valor de 2.000 ou 2.500 euros. Pero en todo caso a moción non plantexa esa cuestión, o que plantexa é que o goberno municipal habilite o orzamento necesario para a adquisición de dispositivos con conexión, o Concello, non para habilitar unha axuda para que as familias os adquiren, é o Concello, para o alumnado escolarizado nos centros educativos de Mugardos que carezan do mesmo e sexa necesario para o aprendizaxe dos contidos correspondentes ó curso académico. Quero facer esta matización porque... por si algún grupo ten que reflexionar entorno ao voto, non é o que está plantexado nesas axudas á escolarización, porque non é unha axuda directa ás familias, senón que o Concello utilice, como a Xunta e o Goberno do Estado, en colaboración cos centros educativos, o sistema de préstamo de dispositivos con conexión a internet para minimizar a fenda dixital, e polo tanto

para chegar a esa educación coas mesmas oportunidades. O quero aclarar antes de que se vote porque polas intervencións, e pola intervención do BNG, parece que hai unha certa confusión no sentido de que xa está recollido e xa está aprobado ¿non?. O que hai é, non sei si é aprobado, bueno, en todo caso o que se levou á comisión é unha convocatoria de axudas ás familias para a escolarización que, como en anos anteriores, vai incluída a parte de investimento. Pero isto é unha proposta moi semellante, que o dixen xa na exposición de motivos, á que aprobou o goberno do estado fai un par de consellos de ministros e que entendemos que hai que mantela para intentar chegar a onde non poida chegar esa dispoñibilidade que vai a poñer, a través dos centros educativos, o goberno do estado.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, bueno, en todo caso antes de pasar a palabra... dá a sensación, señora Díaz, que non quere vostede que lle votemos a favor á moción, porque está buscando tódalas excusas... ten vostede a unanimidade e dá a sensación de que non a quere...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu dígoo para que non se equivoquen os termos.

Sr. Alcalde (que traducido di): Vale, nada, nada, pois perfectamente aclarado, efectivamente. ¿Ti queres aclarar o voto tamén?. Bueno, pois veña, José Ángel. Vale, queda aclarado, está ben que o aclare.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): A ver, claro, é que a cuestión cambia aquí ¿eh?. Eu con esta aclaración que está facendo a moción cambia o que pon... o que aquí está escrito, ou eu non o entendo moi ben ou non sei claro, haber, o goberno de España pon a disposición da Xunta unha cantidade de diñeiro, uns orzamentos para educación. Sería entón instar ao goberno da Xunta a que compre os ordenadores, ¿por que nós como imos comprar os ordenadores si non sabemos... si non sabemos nin sequera se os nenos o ano que ven van a ir á escola e traballar con ordenadores?, non o sei. Isto non nos aclara a moción, nós aclara a moción o feito de que se habilítase un orzamento para... para a axuda, no caso de necesidade, pero claro, isto... así como que o Concello compre ordenadores... que compre libros tamén, entón... para os nenos ou... bueno, ou outro tipo de material, que pode ser que precisen o ano que ven, dependendo de cal sexa a situación do curso que ven. Non o sei, nos insistimos no tema das axudas, e se é así, si o que estamos a pedir é que se compren ordenadores e que se instale internet nas casas por parte do Concello, sen saber agora mesmo cal é a necesidade, non imos a votar a favor, evidentemente, claro.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si. Pois... pois aclárao, veña.

Sr. Varela Filgueiras: Eu tamén o quero aclarar. Bueno, quero aclarar que simplemente que aquí non pon que se vaia a instalar internet en ningunha casa, pon o orzamento necesario para a adquisición de dispositivos con conexión a internet, e pon cando sexa necesario para o aprendizaxe dos contidos correspondentes ó curso académico, é dicir, non se lle vai a comprar a un rapaz por compralo se non o ten, e sempre e cando... non como acabas de dicir, é que claro, é que non sabemos se os nenos van a traballar con ordenadores ou non. Si o ordenador vai a ser necesario para a aprendizaxe pois o lóxico é que o Concello,

como administración máis cercana, pois poida e... habilitar un orzamento para a adquisición das familias que non poidan.

Sr. Mahía Prados: Si, nada, haber. Hai unha cousa que hai que ter clara, as competencias...

Sr. Alcalde (que traducido di): Espera un segundo. Acabaches.

Sr. Varela Filgueiras: Si.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si. Haber, Miguel.

Sr. Mahía Prados: As competencias de cada administración son as competencias de cada administración, haber, iso primeiro, porque nós... Gemino, por favor, eu deixéiche falar... si... si... estou aclarando o voto, porque o voto vai a ser en contra en base a esta serie de barbaridades que se están dicindo. Porque non pode ser querer que facer un gasto dende a administración local que vai a estar reparado por intervención porque non é competencia do Concello. Entón, antes de propoñer as cousas vamos a sentarnos, a aclarar as ideas, e saber que é competencia de cada quen. Porque competencia por parte da administración local está subvencionar o internet ou subvencionar o material, porque é unha subvención, son axudas, non é unha adquisición, o Concello non pode empezar a mercar aquí ordenadores e darlle aquí a todo fillo de veciño, porque non é unha competencia a educación. A competencia de educación está, segundo o Estatuto de Autonomía, delegado na Xunta de Galicia, non nas administracións locais. Iso punto número un. Entón se nós dentro das nosas competencias damos o servizo de internet dentro das axudas de transporte e ensino, que é onde podemos colocalas. Nós sabemos canta xente hai, ¿queres que che diga cantas persoas viven aquí en Mugardos que necesiten ese tipo de conexión?, sete, en todo o Concello, as temos contabilizadas, e por iso van nas axudas de transporte e ensino, porque si o necesitan terían acceso e porque nunca se esgotou esa partida dos orzamentos. Entón, volvo a repetilo, antes de presentar as mocións a un pleno coñezan a realidade da situación.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, e... pois non sei si foi positiva a aclaración, pero bueno, en todo caso que sexa positivo o final. Agotado o turno imos a votar entón. Veña, votos a favor da moción, en contra, abstencións. Hai que volver a votar. Bueno, pois volvemos a votar outra vez, votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois o Alcalde vota en contra e queda rexeitada a moción.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓN NÚMS. 408/2020 Á 493/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto sexto, dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía e polo concelleiro delegado de facenda, persoal e

participación cidadá dende o anterior pleno ordinario, resolucións números 408/2020 á 493/2020, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións núms. 408/2020 á 493/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, dende o anterior pleno ordinario.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto que son rogos e preguntas. Non se presentaron preguntas pero pode haber algún rogo, algún rogo por outros concelleiros, concelleiras. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Nós imos facer un par de rogos si é posible. O do primeiro rogo que imos facer é visto que coñece perfectamente o Partido Popular o... toda a normativa e todo tal, léunola neste Pleno case toda, claro, hai unha norma que nós levamos facendo fincapé bastante ¿non?. Entre outras cousas, a partir do día 12, a partir do día 13, hai unha resolución da Xunta de Galicia para as medidas de prevención, que fai referencia pois a todo ¿non?, en xeral, a establecementos, lugares de pública concorrencia e tal, e logo tamén nestes meses atrás fixéramos fincapé en que nalgúns sitios criamos que había unha deficiente limpeza ¿non?. Entón bueno, queremos facer un rogo no sentido de que se tomen as medidas a raxatabla que están poñendo ¿non?, estas en concreto da Xunta, nunha resolución de medidas de prevención, en canto ao uso das instalacións públicas. Aquí si que efectivamente todos cumprimos as distancias etc, o Concello tamén, se chama por teléfono, etc, pero logo nós fomos a ver os cinco parques que temos, que son só cinco parques, non hai sinalización de que hai que ter medidas de uso, non están nas condicións axeitadas, tampouco se está levando a cabo a limpeza diaria tal e como está establecido na norma, e cremos que non deberíamos de ter que facer un rogo de algo que é obrigatorio. E en canto ao tema do espazo, que tamén é un espazo público o Mercado Municipal, levamos insistindo dende o principio, que cremos que a limpeza esta sendo deficiente. Por iso rogamos que se lle dea unha volta, sobre todo nos temas das fins de semana, tendo en conta que hai uns servizos públicos, sabemos que estamos a ter moita sorte, grazas a Deus, nesta zona, que non está a pasar... que non está pasando nada... que non estamos a ter ningún problema, pero tamén sabemos que vai a vir, que imos ter agora en verán xente de fóra, e que estas zonas van a estar... van a incrementar o seu uso, se non ven encima bo tempo. Entón por iso rogamos que se estableza, tanto en parques, servizos públicos, praza etc... praia, incluso tamén, a sinalización pertinente para que a xente coñeza cales son as medidas que ten que empregar e que se tomen as medidas sanitarias e de limpeza e prevención.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois se... a, ¿tes ti?. Si.

Sra. Ruiz del Ganso (que traducido di): Nada, pois nada, tíñamos un rogo para que... bueno, que se dea conta na comisión das axudas económicas derivadas de... xeradas polo

COVID, que se deron ás... bueno, que foron concedidas ás familias, así como os importes e o fin polo que foron... polo que foron dadas. ¿Vale?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben. Vale, pois levántase a sesión.

E sendo as dez horas e vinte minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario Accidental, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE